



MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Acta da Sesión Ordinaria do Pleno do 7 de maio de 2018

Na Galería da Alcaldía do Concello de Vigo, ás 17:30 horas do día 7 de maio de 2018, ten lugar a sesión Ordinaria do Pleno da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, coa asistencia dos seguintes membros:

ASISTENTES

Presidente: D. Abel R. Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo.

Representantes concelleiros/as:

FORNELOS DE MONTES:

D. Emiliano Lage Rodríguez.
D. Serafín Ángel Martínez Martínez.

GONDOMAR

D^a Jimena Varela Rodríguez.

MOS

D. Maria Aurora Giráldez Leirós.

REDONDELA:

D. Xoan Carlos González Campo.
D. Enrique Fojo Durán.
D. Eduardo José Reguera Ocampo.

SALCEDA DE CASELAS:

D. Marcos David Besada Pérez.
D^a. Verónica Tourón Domínguez.

VIGO:

D^a Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.
D. Carlos López Font.
D^a M^a Angeles Marra Domínguez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. David Regades Fernández.
D. Angel Rivas González.
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz.
D. Rubén Pérez Correa.

NON ASISTEN

- D^a. Natalia Sofía Salgueiro Hermida, concelleiro/a do Concello de Gondomar .
- D. Xosé Antonio Araújo Quintas, concelleiro/a do Concello de Gondomar.
- D. Juan Francisco Ferreira González, concelleiro/a do Concello de Gondomar.
- D^a Nidia María Arévalo Gómez, concelleiro/a do Concello de Mos.
- D^a. Patricia Pérez Ucha, concelleiro/a do Concello de Mos.
- D. Miguel Anxo Aldea Moscoso, concelleiro/a do Concello de Mos.
- D. Andrés Iglesias Rodríguez, concelleiro/a do Concello de Pazos de Borbén.
- D. Francisco Amoedo Lorenzo, concelleiro/a do Concello de Pazos de Borbén .
- D. Javier Bas Corugeira, concelleiro/a do Concello de Redondela.
- D. Santiago Rodríguez Davila, concelleiro/a do Concello de Salceda de Caselas .
- D. Agustín Reguera Ocampo, concelleiro/a do Concello de Soutomaior .
- D. Ramón Ángel Fernández Garrido, concelleiro/a do Concello de Soutomaior.
- D. Alejandro Pazos Miguez, concelleiro/a do Concello de Soutomaior .
- D^a. Elena Muñoz Fonteríz, concelleiro/a do Concello de Vigo.
- D. Diego Gago Bugarín, concelleiro/a do Concello de Vigo.
- D. José Manuel Figueroa Vila, concelleiro/a do Concello de Vigo.
- D. Miguel Fidalgo Iglesias, concelleiro/a do Concello de Vigo .
- D^a. Margarida López Barreiro, concelleiro/a do Concello de Vigo.

Asisten así mesmo, en representación da MAIV, o interventor D. Alberto Escaríz Couso. Da fe do acto o secretario José Riesgo Boluda.

Unha vez constatado o quorum para a súa celebración, o Presidente declara aberta a sesión e antes de pasar a tratar os asuntos contidos na Orde do día, o Presidente informa da intención de incluír, fóra da Orde do día, unha moción relativa ás débedas que manteñen coa Mancomunidade algúns concellos integrantes.

ORDE DO DÍA

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbbase por unanimidade a acta do Pleno da Mancomunidade correspondente á sesión ordinaria do 11 de decembro de 2017.

PUNTO 2.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS DOS EXERCICIOS 2015, 2016 e 2017.

ANTECEDENTES



1. Información da liquidación do orzamento do exercicio 2015

Por Decreto da Presidencia de 28 de xaneiro de 2016, e de conformidade co establecido no artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e 90.1 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril foi aprobada a liquidación do exercicio de 2017 da Mancomunidade. A citada liquidación foi remitida ao Servizo de Coordinación coas Facendas Territoriais e a Xefatura Territorial da consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza no prazo correspondente, tal e como establece o artigo 193.5 do TRLRL.

A continuación, detállase a información mais significativa, a modo de resumo:

- Cúmprese coa regra de gasto e o principio de estabilidade orzamentaria.
- Non hai débeda viva.
- Houbo un superávit de 33.726,69 euros.
- O saldo de tesourería a 31/12/2017 é de 1.256.841,74 euros.
- O remanente de tesourería para gastos xerais é de 1.523.847,12 euros, tal como se reflicte no cadro seguinte.

A) Fondos líquidos na Tesourería ó remate do exercicio:		1.256.841,74
B) Debedores pendentes de ingreso ao peche do exercicio:		326.321,69
De orzamento corrente:	108.517,56	
De orzamento pechado:	215.545,29	
Doutras operacións non orzamentarias:	2.258,84	
	TOTAL A+B	1.583.163,43
C) Acredores pendentes de pagamento, ao peche do exercicio:		59.316,31
De orzamento corrente:	48.842,58	
De orzamento pechado:	0,00	
Doutras operacións non orzamentarias:	10.473,73	
	REMANENTE DE TESOURERÍA (A+B-C)	1.523.847,12
Saldo de dubidoso cobro		0,00
Exceso de financiamento afectado		0,00
REMANENTES DE TESOURERÍA DISPOÑIBLE PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS XERAIS		1.523.847,12

2. Información da liquidación do orzamento do exercicio 2016

Por Decreto da Presidencia de 17 de febreiro de 2017, e de conformidade co establecido no artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e 90.1 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril foi aprobada a liquidación do exercicio de 2016 da Mancomunidade. A citada liquidación foi remitida ao Servizo de Coordinación coas Facendas Territoriais e a Xefatura Territorial da consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza no prazo correspondente, tal e como establece o artigo 193.5 do TRLRL.

A continuación, detállase a información mais significativa, a modo de resumo:

- Cúmprese coa regra de gasto e o principio de estabilidade orzamentaria.
- Existiu un superávit de 171.369,69 euros.
- Non hai débeda viva.
- O saldo de tesourería a 31/12/2017 é de 1.388.135,95 euros.
- O remanente de tesourería para gastos xerais é de 1.649.677,77 euros, tal como se reflicte no cadro seguinte.

A) Fondos líquidos na Tesourería ó remate do exercicio:		1.388.135,95
B) Debedores pendentes de ingreso ao peche do exercicio:		280.782,65
De orzamento corrente:	55.404,01	
De orzamento pechado:	223.119,80	
Doutras operacións non orzamentarias:	2.258,84	
	TOTAL A+B	1.668.918,60
C) Acredores pendentes de pagamento, ao peche do exercicio:		19.240,83
De orzamento corrente:	10.451,31	
De orzamento pechado:	0,00	
Doutras operacións non orzamentarias:	8.789,52	
	REMANENTE DE TESOURERÍA (A+B-C)	1.649.677,77
Saldo de dubidoso cobro	0,00	
Exceso de financiamento afectado	0,00	
REMANENTES DE TESOURERÍA DISPOÑIBLE PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS XERAIS		1.649.677,77



3. Información da liquidación do orzamento do exercicio 2017

Por Decreto da Presidencia de 19 de febreiro de 2018, e de conformidade co establecido no artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e 90.1 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril foi aprobada a liquidación do exercicio de 2017 da Mancomunidad. A citada liquidación foi remitida ao Servizo de Coordinación coas Facendas Territoriais e a Xefatura Territorial da consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza no prazo correspondente, tal e como establece o artigo 193.5 do TRLRL.

A continuación, detállase a información mais significativa, a modo de resumo:

- Cúmrese coa regra de gasto e o principio de estabilidade orzamentaria.
- Existiu un superávit de 113.272,56 euros.
- Non hai débeda viva.
- O saldo de tesourería a 31/12/2017 é de 1.530.170,31 euros.
- O remanente de tesourería para gastos xerais é de 1.686.626,96 euros, tal como se reflicte no cadro seguinte.

A) Fondos líquidos na Tesourería ó remate do exercicio:		1.530.170,31
B) Debedores pendentes de ingreso ao peche do exercicio:		204.459,27
De orzamento corrente:	63.532,16	
De orzamento pechado:	138.668,27	
Doutras operacións non orzamentarias:	2.258,84	
TOTAL A+B	1.734.629,58
C) Acredores pendentes de pagamento, ao peche do exercicio:		48.002,62
De orzamento corrente:	20.417,56	
De orzamento pechado:	0,00	
Doutras operacións non orzamentarias:	27.585,06	
REMANENTE DE TESOURERÍA (A+B-C)	1.686.626,96
Saldo de dubidoso cobro	0,00	
Exceso de financiamento afectado	0,00	
REMANENTES DE TESOURERÍA DISPOÑIBLE PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS XERAIS		1.686.626,96

Por parte do Presidente, dáse conta da liquidación dos orzamentos dos anos 2015, 2016 e 2017, facendo un resumen dos datos mais relevantes segundo constan nos antecedentes do expediente.

O Pleno queda informado.

PUNTO 3. DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2017, 2/2017, 3/2017 e 4/2017.

De conformidade co establecido nas Bases de execución do presuposto do 2018 prorrogado, por parte da Presidencia, dáse conta ao pleno sobre os expedientes de Modificación de crédito nº 1/2017, 2/2017, 3/2017 e 4/2017 relativos ós conceptos que a continuación se relacionan:

Expediente nº 1/2017, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun programa mixto de emprego e formación dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (**OBRADOIRO DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2017**) para os gastos do persoal contratado e gastos de funcionamento do proxecto durante a anualidade do 2017. O importe é de 74.371,19 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 2/2017, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP) para o desenvolvemento dun plan agrupado de formación por parte da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo para o ano 2017. O importe é de 14.441,00 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 3/2017, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos de Salarios e Seguridade Social derivados da contratación durante parte do ano 2017 dunha persoa perceptora de RISGA para "Apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores da MAIV". O importe é de 3.403,62 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 4/2017, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos de Salarios e Seguridade Social derivados da contratación durante parte do ano 2017 dunha persoa perceptora de RISGA para "Apoio ás labores administrativas da MAIV". O importe é de 2.324,76 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

O Pleno queda informado dos expedientes de modificación de crédito anteriormente detallados, correspondentes ao exercicio 2017.

PUNTO 4. DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 1/2018, 2/2018 e 3/2018.



De conformidade co establecido nas Bases de execución do presuposto do 2018 prorrogado, por parte da Presidencia, dáse conta ao pleno sobre os expedientes de Modificación de crédito nº 1/2018, 2/2018 e 3/2018 relativos ós conceptos que a continuación se relacionan:

Expediente nº 1/2018, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun programa mixto de emprego e formación dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (**OBRADOIRO DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2017**) para os gastos do persoal contratado e gastos de funcionamento do proxecto durante a anualidade do 2018. O importe é de 76.499,86 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 2/2018, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos de Salarios e Seguridade Social derivados da contratación durante parte do ano 2018 dunha persoa perceptora de RISGA para "Apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores da MAIV". O importe é de 7.103,85 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 3/2018, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos de Salarios e Seguridade Social derivados da contratación durante parte do ano 2018 dunha persoa perceptora de RISGA para "Apoio ás labores administrativas da MAIV". O importe é de 4.852,09 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

O Pleno queda informado dos expedientes de modificación de crédito anteriormente detallados, correspondentes ao exercicio 2018.

PUNTO 5. INFORMAR DA SITUACIÓN DOS PROXECTOS QUE XESTIONA A MANCOMUNIDADE.

Por parte da Presidencia, infórmase brevemente da situación e resultados dos proxectos e servizos levados a cabo pola Mancomunidade:

Servizo de asesoramento a emprendedores da MAIV

No ano 1995 a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, puxo en funcionamento o Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) a través dun proxecto de Módulo de Promoción e Desenvolvemento. No ano 1999 este servizo pasa desenvolverse de xeito estable e independente e créase unha rede de asesoramento, coordinada pola Responsable do Servizo de promoción económica, na que colaboran tamén os concellos da Mancomunidade que contan coa figura do axente de emprego e desenvolvemento local. Dentro da propia MAIV, este servizo está integrado pola Responsable do Servizo e polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

O SAE defínese como un servizo personalizado, público e gratuíto de apoio á creación de empresas na Área Intermunicipal de Vigo. Presta axuda técnica, información, formación e asesoramento para que as ideas das persoas emprendedoras se concreten en proxectos empresariais viables. Son obxectivos deste servizo os seguintes:

- Fomentar a creación de empresas, reducindo as dificultades administrativas, legais e técnicas coas que se enfrontan as persoas emprendedoras.
- Impulsar o autoemprego como saída laboral.
- Promover o espírito empresarial na poboación
- Apoiar a consolidación das pequenas empresas constituídas na área da MAIV.

Cadro - resumo de resultados do SAE do período 2015 – 2017

	ANO 2015	ANO 2016	ANO 2017
Novos proxectos empresariais asesorados	236	279	343
Empresas constituídas co apoio do SAE	73	97	102
Empregos creados nas empresas constituídas	93	125	134
Asesoramento a empresas xa constituídas	68	66	109

Servizos realizados polo SAE no ano 2017

Ademais dos datos de resultados reflectidos no cadro anterior, detállanse as xestións realizadas por parte do Servizo de Asesoramento a Emprendedores durante o ano 2017, en relación aos proxectos asesorados:

- Tramitación de solicitudes de pagamento único do desemprego: 8
- Tramitación directa de altas de persoas autónomas (altas en Facenda e na Seguridade Social): 39
- Redacción de estatutos de sociedades ou pactos para a constitución de Comunidades de Bens ou Sociedades Cívís: 12
- Trámites para a contratación de traballadores por conta allea: 5
- Elaboración de plans de empresa: 8
- Emisión de informes de viabilidade para a Xunta de Galicia: 107
- Tramitación de axudas e subvencións para a creación de empresas: 121
 - Axudas para a promoción de emprego autónomo: 106
 - Axudas para a constitución de SL: 3
 - Axudas municipais á creación de empresas: 9
 - Axudas IGAPE IGE 107: 2
 - Axudas Cooperativismo: 1
- Asistencia técnica na presentación de impostos e autodeclaracións na AEAT: 16
- Tramitación de permisos de traballo por conta propia: 2



Ademais destes traballos xa estandarizados, o Servizo de Asesoramento a Emprendedores realizou xestións diversas como: solicitudes de rexistro de marcas e nomes comerciais, solicitudes de nome de empresa no Rexistro Mercantil, presentación de recursos administrativos, elaboración de contratos de cesión de local de negocio, solicitudes de apertura de centro de traballo, solicitudes de alta en rexistros (rexistro sanitario, rexistro de comercio de Galicia, rexistro de ambulantes, rexistro de turismo,...), redacción de contratos de colaboración, asesoramento en procedementos de tramitación electrónica, asesoramento en redes sociais, ...

Por outra banda, dende o SAE da Mancomunidad de Vigo préstase asistencia técnica aos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local dos concellos integrados na MAIV, proporcionándolle materiais de uso conxunto e resolvendo as dúbidas que poidan xurdir en relación co asesoramento a persoas emprendedoras.

Por último, o SAE tamén imparte en ocasións formación específica en materia de emprendemento. Así, no ano 2017, encargouse de impartir a formación do módulo de "creación de empresas" nas dúas especialidades do Obradoiro de Emprego MAIV Garantía Xuvenil (20 horas).

Obradoiros de emprego MAIV GARANTIA XUVENIL 2015 e 2017

A Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo no ano 2015 levou a cabo un Obradoiro de Emprego destinado a persoas menores de 30 anos inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil denominado OE. MAIV GARANTIA XUVENIL 2015, que se desenvolveu durante un período de 6 meses, entre o 29 de setembro de 2015 e o 28 de marzo de 2016.

Os obradoiros de emprego destinados persoas mozas menores de 30 anos, son proxectos de formación e emprego nos que as persoas beneficiarias se forman durante un período de 6 meses no contido dun certificado de profesionalidade e realizan en alternancia obras ou servizos relacionados co devandito certificado.

No OE. MAIV GARANTIA XUVENIL 2015 participaron 22 persoas mozas para formarse nas seguintes especialidades:

- Administración e Xestión documental, con 11 alumnos/as traballadores/as.
- Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxías Web, con 11 alumnos/as traballadores/as.

Ademais do alumnado traballador, supuxo a creación de emprego durante os 6 meses de duración do proxecto para outras 5 persoas mais, entre persoal directivo, administrativo e formadores.

No ano 2017 dando continuidade ás labores realizadas polo anterior proxecto, a MAIV puxo en marcha un novo Obradoiro de Emprego destinado a persoas mozas, denominado OE. MAIV GARANTIA XUVENIL 2017, que se desenvolveu dende o 28 de setembro de 2017 e o 28 de marzo de 2018.

Este proxecto supuxo a creación de emprego para un total de 19 persoas durante o período de execución:

- 15 alumnos/as traballadores/as
- 1 director/a.
- 1 administrativo/a
- 2 docentes.

O alumnado traballador formouse nas seguintes especialidades formativas:

- Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos: 7 persoas
- Comercio e marketing: 8 persoas.

Resultados e traballos realizados polo OE. MAIV GARANTIA XUVENIL 2017:

Polo que se refire á especialidade de Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos, o obxectivo principal da especialidade acadouse coa obtención por parte dun total de 6 participantes do **Certificado de profesionalidade ADGG0508 Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos**, regulado no RD 645/2011 de 8 de maio, e pertencente á familia profesional Administración e Xestión.

Pero ademais, o alumnado traballador levou a cabo os seguintes traballos para a Mancomunidade:

- Dixitalización en formato electrónico de gran parte da documentación da MAIV que estaba en papel: documentación interna da MAIV, documentación de proxectos executados (AEDL, cooperación, UPDs, Orientación laboral, Cooperativismo, ...)
- Destrucción segura de documentos, datos e arquivos confidenciais.
- Elaboración dunha base de datos de acceso á documentación da MAIV.

En relación coa especialidade de Comercio e marketing, o obxectivo principal acadado foi a consecución por parte de 6 dos participantes do certificado de profesionalidade **COMM0112, Xestión de marketing e comunicación**, regulado no RD 614/2013, de 2 de agosto, que pertence á familia profesional de Comercio e marketing.

Esta foi unha especialidade innovadora dentro dos obradoiros de emprego, xa que a formación se orientou principalmente ao marketing dixital, á redacción de contidos dixitais para promoción na rede (xestión de redes sociais, blogs,...) de cara a formar profesionais para os novos traballos que as redes dixitais están xerando nos derradeiros anos.

Os traballos realizados nesta especialidade, centráronse en labores de apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores da MAIV nos seguintes aspectos:

- Revisión do portal www.emprendenarede.es, portal web creado polo OE MAIV Garantía Xuvenil 2015 e que ofrece un servizo de publicación de anuncios (noticias, ofertas e demandas) para a xente emprendedora. Elaboración duna proposta de mellora estética e de deseño.



- Realización dun blog centrado en noticias de interese para emprendedores, <https://emprendenarede.wordpress.com/>. Creación de perfís en redes sociais para dar a coñecer o portal e o blog. Realización dunha imaxe corporativa para o blog e para todas as publicacións (tipografía, logo, imaxes descritivas...).
- Asesoramento ás empresas asesoradas no SAE en materia de comunicación a través das redes sociais. Nalgúns casos, se lle elaborou un plan de comunicación en internet.

Ademais da formación específica do certificado de profesionalidade, os alumnos/as traballadores/as recibiron formación nos seguintes módulos complementarios:

- Prevención de riscos laborais
- Alfabetización informática
- Sensibilización en igualdade de xénero
- Orientación laboral e técnicas de procura de emprego
- Sensibilización medioambiental
- Creación de empresas.

Contratación de persoas desempregadas en situación de exclusión social e perceptoras do RISGA

A Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, ao abeiro da Orde anual da Consellería de Economía, Emprego e Industria de que regula as subvencións para a contratación de persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social e perceptoras da RISGA, deseñou no ano 2017 dous proxectos para a contratación de persoas perceptoras da Risga:

"Apoio as Labores Administrativas da Maiv - Risga 2017"

A través deste proxecto, contratouse un/unha auxiliar administrativo/a cunha duración total de 7 meses, iniciándose a contratación o 24 de outubro de 2017.

A persoa contratada desenvolve servizos de apoio as labores administrativas e de atención aos administrados dentro das oficinas da Maiv, realizando as seguintes tarefas:

- Atención telefónica e atención ao público na sede da MAIV.
- Auxilio administrativo ao persoal da MAIV (mecanización de datos, encadernación de documentos, transcripción de documentos, cotexo de pedidos e albaráns, fotocopiado de documentos, escaneado,...)
- Arquivo, clasificación e traslado de documentos e expedientes. Esta labor consistirá no arquivo de documentación nos correspondentes expedientes, o arquivo dos mesmos e a realización dos traslados que procedan tanto de documentación como de expedientes a outros organismos (Xunta de Galicia e Concello de Vigo).
- Introducción de datos e información en bases de datos.
- Atención administrativa aos usuarios do SAE (Servizo de Asesoramento a Emprendedores): levar a axenda de citas, recepción de usuarios, etc.

"Apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores da Maiv - Risga 2017"

Contratación dun/dunha técnico, cunha duración total de 7 meses, iniciándose a contratación o 24 de outubro de 2017.

Neste caso, a persoa contratada realiza labores de apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores entre as que se encontran as seguintes:

- Actualización das fichas de usuarios e das bases de datos de persoas emprendedoras.
- Recompilación de todo tipo de publicacións relacionadas co emprendemento: noticias, ordes de axudas e subvencións, normativas,...
- Apoio na elaboración de informes de viabilidade.
- Elaboración e actualización de documentos e resumos para a súa entrega aos usuarios do SAE: subvencións, nova lei de traballo autónomo, etc.
- Elaboración e tratamento de datos estatísticos.

Plan agrupado de formación para traballadores dos concellos (formación continua)

A proposta da Concellería de Persoal do Concello de Vigo e co motivo da publicación da Orde de convocatoria de axudas do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) para o financiamento da formación continua no ano 2002, a Comisión de Goberno da Mancomunidade de Vigo, na súa sesión do 14 de novembro de 2001, decidiu que, anualmente e coincidindo coa publicación periódica das bases de axudas do INAP, por parte da Mancomunidade sexa presentado un plan agrupado de formación, para ser financiado a través das ditas ordes; axudas que dende o ano 2014 ven sendo convocadas pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Así pois, ao abeiro da Resolución do 3 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2017, a MAIV presentou un Plan de Formación Agrupado para os traballadores dos concellos incluídos na mesma.

As actividades executadas no exercicio 2017 a través deste plan financiado pola EGAP foron as seguintes:

Acción formativa	Horas por edición	Total participantes
PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO ELECTRÓNICO	20,00	28
PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO LOCAL TRALA LEI 39/2015	25,00	28
INGLES	80,00	32
DESENVOLVEMENTO E ENTRENAMENTO DA MEMORIA	20,00	16
TALLER DE DEFENSA PERSOAL PARA MULLERES	15,00	14
TOTAL PARTICIPANTES PLAN FORMACIÓN		118

No turno de intervencións toma a palabra D. Ruben Correa Perez, concelleiro de Vigo para comentar que, aínda que os datos do Servizo de Asesoramento son bastante positivos, a Mancomunidade debería ir mais aló no desenvolvemento de proxectos e na xestión de servizos mancomunados.

O Pleno queda informado dos proxectos e traballos que se levan a cabo actualmente na Mancomunidade.

PUNTO 6.- PROPOSTA DE REDUCCIÓN DAS ACHEGAS ORDINARIAS DOS CONCELLOS INTEGRANTES DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

Antecedentes e motivación da proposta

Na actualidade as achegas anuais ordinarias dos concellos á Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo están fixadas en función da poboación que ten cada un dos concellos integrantes, que se multiplica por unha contía ou módulo de 0,90 euros/habitante. Esta contía foi aprobada no Pleno Ordinario do 9 de decembro de 1997.

Así as cousas, as achegas ordinarias previstas para o presente exercicio 2018 polos Concellos integrantes da Mancomunidade serían as seguintes:

Concellos	Cifras de poboación (*)	Achega 2018 (s/ cota actual de 0,90/hab)
Fornelos de Montes	1.694	1.524,60 €
Gondomar	14.233	12.809,70 €
Mos	15.132	13.618,80 €
Pazos de Borbén	2.991	2.691,90 €
Redondela	29.392	26.452,80 €
Salceda de Caselas	9.017	8.115,30 €
Soutomaior	7.242	6.517,80 €
Vigo	292.986	263.687,40 €
TOTAL MAIV	372.687	335.418,30 €

(*) Datos do Real Decreto 1039/2017, de 15 de decembro, pola que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2017, con efectos dende o 31 de decembro de 2017

Esta cota fixouse nun momento no que na Mancomunidade de Vigo se estaban xestionando importantes proxectos cofinanciados con fondos comunitarios, como o ADAPT ou o PRODER, e así se xustificaba no devandito pleno, polo que precisaba dunha estrutura administrativa adecuada a ditas necesidades.

Hoxe en día, como consecuencia das sucesivas reorganizacións administrativas e da nova distribución de competencias entre as diferentes Administracións Públicas trala entrada en vigor da Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, así como a redución na contía

das axudas financiadas con fondos comunitarios, a actividade da Mancomunidade de Vigo é bastante mais reducida, limitándose ao funcionamento operativo e a desenvolver actividades de promoción económica e emprego a través do Servizo de Asesoramento a Emprendedores, así como a realización dalgún obradoiro de emprego ou a realización de obras de interese social a través da contratación de beneficiarios/as de RISGA.

Deste xeito, conforme ás liquidacións dos últimos exercicios, a MAIV ten uns gastos ordinarios (deducidos os gastos extraordinarios e os gastos financiados con fondos finalistas doutras Administracións Públicas) duns 220.000 euros anuais, notablemente inferiores ao importe das achegas ordinarias.

Todo iso fai que a Mancomunidade de Vigo teña na actualidade un remanente de Tesourería para Gastos Xerais de mais de 1.500.000 euros, xa que as achegas dos Concellos á Mancomunidade superan todos os anos os gastos correntes que se producen na actividade ordinaria da Mancomunidade o que supón que todos os anos se produzan superávits, tanto en termos estritamente orzamentarios, isto é, comparando os dereitos recoñecidos coas obrigas recoñecidas no exercicio, como en termos de contabilidade nacional SEC2010, o que supón unha inmovilización importante de recursos, xa que tanto os remanentes de Tesourería como os superávits obtidos na liquidación dos orzamentos teñen, por lei, fortes limitacións para a súa utilización.

Por canto antecede, dende unha perspectiva de racionalización do gasto público dos Concellos integrantes da Mancomunidade, e unha xestión dos recursos públicos orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, en cumprimento do disposto na LOEOSF, as achegas ordinarias dos Concellos integrantes poderían reducirse proporcionalmente ata a contía dos gastos ordinarios salvagardando en calquera caso o necesario equilibrio orzamentario anual.

Unha redución das achegas de 0,90€ por habitante a 0,60€ por habitante (33,33%) deixaría as achegas ordinarias dos Concellos nunha contía suficiente para cubrir os gastos ordinarios da MAIV, nas contías seguintes:

Concellos	Poboación	Achega 2018 (0,90/hab)	Achega 2018 (0,60/hab)	Diferencia (aforro)
Fornelos de Montes	1.694,00	1.524,60 €	1.016,40 €	508,20 €
Gondomar	14.233,00	12.809,70 €	8.539,80 €	4.269,90 €
Mos	15.132,00	13.618,80 €	9.079,20 €	4.539,60 €
Pazos de Borbén	2.991,00	2.691,90 €	1.794,60 €	897,30 €
Redondela	29.392,00	26.452,80 €	17.635,20 €	8.817,60 €
Salceda de Caselas	9.017,00	8.115,30 €	5.410,20 €	2.705,10 €
Soutomaior	7.242,00	6.517,80 €	4.345,20 €	2.172,60 €
Vigo	292.986,00	263.687,40 €	175.791,60 €	87.895,80 €
TOTAL MAIV	372.687,00	335.418,30 €	223.612,20 €	111.806,10 €



Por outra banda, a redución das achegas ordinarias dos concellos levaría consigo un axuste no Presuposto ordinario do ano 2018. Este axuste ven dado pola diferenza entre o importe dos créditos iniciais que figuran no orzamento prorrogado do ano 2018 en concepto de achegas ordinarias de concellos (339.121,25 euros) e o importe total das novas achegas ordinarias calculadas co módulo de 0,60 euros/habitante (223.612,20), o que supón declarar a non dispoñibilidade de créditos no Presuposto da Mancomunidad do exercicio 2018 por un total de 115.509,05 euros.

Polo tanto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Reducir as achegas ordinarias dos Concellos á Mancomunidad, fixándose a nova contía do módulo por habitante en 0,60 euros, contía que permitiría perfectamente atender as necesidades actuais de financiamento desta entidade, con efectos no presente exercicio económico 2018.
2. Ao obxecto de manter o equilibrio orzamentario anual, declarar a non dispoñibilidade dos seguintes créditos do Presuposto da Mancomunidad de Vigo para o ano 2018:

Aplicación orzamentaria	Importe non dispoñible
9200.1100000 Persoal eventual. Retribucións básicas	87.851,99
9200.1600000 Seguridade Social	6.000,00
9200.2020000 Aluguer de edificios e outras construcións	5.000,00
9200.2220000 Comunicacions telefónicas	3.500,00
9200.2240100 Primas de seguros, parque de maquinaria	2.677,87
9200.2260400 Gastos diversos. Xurídicos, contenciosos	2.000,00
9200.2270600 Estudos e traballos técnicos	7.479,19
9200.2312000 Locomocións persoal non directivo	1.000,00
TOTAL	115.509,05

Explica o Presidente que na sesión plenaria anterior se incluíra na orde do día un punto de "debate sobre a conveniencia e oportunidade de iniciar expediente de disolución da Mancomunidad" para pulsar a opinión do Pleno, tomando a decisión de que se ía iniciar o proceso de disolución da Mancomunidad, sempre que fose posible.

Dado que este proceso de disolución, de momento non vai ser posible, debido a que necesita de un quorum mínimo de asistencia e o grupo político do PP xa fixo pública a súa intención de non asistir ás convocatorias da Mancomunidad, dende a Presidencia estímase procedente un axuste da contía por habitante e ano que lle corresponde a cada concello mancomunado, ao fin de reducir as achegas ordinarias dos concellos integrantes da Mancomunidad de Vigo e adaptalas ás necesidades reais de financiamento desta Administración, co fin de evitar que recursos que os concellos poderían utilizar para a prestación de servizos aos seus veciños queden despois inmovilizados nesta institución.



Resumo débedas totais	CONCELLOS	TOTAL DEBEDA
	Fornelos de Montes	6.494,41
	Gondomar	7.083,77
	Mos	127.860,13
	Pazos de Borben	0,00
	Redondela	0,00
	Salceda	35.689,59
	Soutomaior	7.107,60
	Vigo	0,00

Expón o Presidente que, aínda que hai concellos que están mais ao día que outros, pódese ver que existe en xeral unha vontade de pago por parte de todos os concellos, excepto no caso do Concello de Mos, que leva incumprindo a obriga de realizar as achegas ordinarias dende o ano 2010 e xa acumula unha débeda de máis de 127.000 euros coa Mancomunidade, a pesares de que todos os anos se lle reclaman as débedas pendentes.

Explica o Presidente que a situación non pode seguir así e polo tanto, procede tomar algunha decisión ao respecto. Propón, polo tanto, antes de tomar unha decisión máis drástica, instar aos órganos de Intervención e Secretaria para que formalmente se poñan en contacto co concello de Mos e co órgano de intervención dese Concello e vexan a mellor maneira para que o dito Concello faga fronte as súas obrigas, podendo inclusive pactarse un plan de pagos que lle permita ao concello de Mos non ter que facer todo o pago nun só momento, pero onde se vexa unha intención clara de poñerse ao día.

Antes de votar a proposta intervén o concelleiro de Vigo, D. Ruben Pérez Correa, para solicitar que a busca dunha solución non supoña ningunha condonación da débeda, posto que iso sería inxusto para os concellos que si cumpren puntualmente coas súas obrigas. A esta observación, resposta a Presidencia que, por suposto, calquera medida a adoptar nunca suporía unha redución dos importes que o dito concello ten pendentes de aboar.

Intervén tamén o concelleiro de Redondela, D. Xoan Carlos González Campos, para facer constar que o seu grupo non vai votar a favor desta proposta e que se absterá por non ter a información necesaria con carácter previo á celebración do Pleno.

Votación e acordo:

Sometida a proposta a votación, é aprobada por maioría.

9. ROGOS Y PREGUNTAS

Neste punto toma a palabra o concelleiro de Redondela, D. Xoan Carlos González Campos, que fai o seguinte rogo: "En nome do BNG e ante a situación na que se atopa a problemática do Transporte Metropolitano de Vigo, tendo en conta que o presidente da Mancomunidade, é o

actual alcalde-presidente do Concello de Vigo, ademais de presidente da Área Metropolitana, consideramos que existe unha responsabilidade por parte de quen ostenta ditos cargos, para cos veciños e veciñas dos concellos da Área. No caso do Transporte, afecta ás economías máis febles, a traballadores/as, pensionistas que a cotío teñen que se desprazar á urbe viguesa para desenvolver a súa vida laboral e diversas xestións. Debe ser sensíbel ás demandas e necesidades cidadás, para que o Transporte Metropolitano, sexa unha ferramenta útil para a cidadanía da Área Metropolitana, buscando unha pronta solución ao problema”.

O Presidente, a este respecto, invita a que sexa o grupo do BNG o que presente a correspondente moción.

Sen máis asuntos para tratar, o Presidente da as grazas e remata a sesión ás 18.10 horas, do que eu como Secretario dou fe.

Vº e prace.

O PRESIDENTE

Abel R. Caballero Álvarez.



O SECRETARIO

José Riesgo Boluda